Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial

1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

Segundo o Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións cantas redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

O artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense un instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Sj8r3zoRXMp4 https://sede.xunta.gal/cve

5. Fundamentos do convenio

Na aplicación 35.04.141A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 consignase a cantidade de 15.000 € como gasto destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

Co fin de distribuír esta cantidade global, solicitóuselles aos presidentes dos tres colexios a presentación dunha proposta de gastos necesarios para o funcionamento da organización, co fin de poder instrumentar a concesión das subvencións mediante a subscrición de convenios individuais entre a Xunta de Galicia e cada un dos tres colexios territoriais de Galicia.

Todos os colexios responderon á proposta de colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e estanse a tramitar os respectivos convenios.

A distribución do crédito dispoñible realizouse con base nos respectivos orzamentos de gastos e/ou da cantidade solicitada por cada colexio con relación á porcentaxe de persoas colexiadas en cada ámbito territorial, consonte o principio de congruencia recollido no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de DOUS MIL CENTO TRECE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (2.113,10 €)con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.481.2 (CP 2015 00098) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Asinado por: NATALIA PRIETO VISO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 27/10/2026 13:27:04

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Sj8r3zoRXMp4 https://sede.xunta.gal/cve